

Tema 3. A prosa no primeiro terzo do século XX


Nos primeiros anos do século XX, tras o esplendor cultural do Rexurdimento, prodúcese unha situación de estancamento cultural que non mudará até 1916 coa aparición das Irmandades da Fala. Estas asociacións culturais e políticas tiñan o obxectivo de fomentar e dignificar o uso do galego, mais tamén traballaron noutras direccións como a política ou a cultura. Fitos como a creación do Seminario de Estudos Galegos, de editoriais como *Céltiga* ou *Lar* ou de revistas como *A Nosa Terra* supuxeron un salto cualitativo e cuantitativo na promoción social do galego e no proceso de normalización do idioma.

Se ben houbo actividade lírica con autores como Ramón Cabanillas e Noriega Varela, foi na prosa onde maiores avances se lograron durante esta etapa. Por unha banda, dentro das Irmandades da Fala agroman narradores como Xaime Quintanilla ou Armando Cotarelo Valledor. Ademais, grazas á creación do Seminario de Estudos Galegos, consolídase o ensaio, xénero case inexplorado até o momento.

Porén, será o Grupo Nós quen renove a narrativa galega e a achegue a Europa. Até o momento, os prosistas seguían as liñas do século XIX e bebían do costumismo decimonónico, mais coa aparición desta xeración propiciárase un salto cualitativo da prosa en galego.

O Grupo Nós ou Xeración Nós estaba composto polo *cenáculo ourensán* (Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino Cuevillas) mais Alfonso Daniel R. Castelao. O seu nome ten orixe na revista homónima que fundan 1920 na cidade das Burgas. Podemos denominalos como un Grupo ou Xeración xa que comparten unha serie de características comúns:

- Gran preparación intelectual
- Evolución ideolóxica cara ao galeguismo e ligazón coas Irmandades e o Seminario de Estudos Galegos
- Traballo de renovación da prosa, tanto a narrativa como a consolidación do ensaio.



Alén dos prosistas do Grupo Nós, tamén atoparemos traballo narrativo noutras xeracións como a do 25. Esta, como vimos no tema anterior, ten un afán de renovación estilística e aparece moi ligada á Vangarda. O máximo representante da prosa deste grupo será o rianxeiro Rafael Dieste.



Otero Pedrayo

Otero Pedrayo foi o autor máis prolífico do grupo. Ao longo da súa traxectoria publicou máis de cincuenta obras literarias de todos os xéneros literarios. Con todo, foi na novela longa onde máis destacou.

Dentro da súa narrativa podemos distinguir tres liñas:

- **Narrativa histórico-realista**

As obras están ambientadas na Galiza rural do século XIX e narran o proceso de decadencia da fidalguía e a transformación da sociedade tradicional. O obxectivo, por tanto, é facer un retrato da sociedade da época. A obra máis destacada é *Os camiños da vida*.

- **Narrativa psicolóxica**

Este tipo de obras xiran arredor do conflito interior dos protagonistas. A obra máis representativa é *Arredor de si*, unha viaxe introspectiva na vida de Adrián Solovio, un rapaz que busca a súa identidade e retata a súa conversión ao galeguismo. Solovio é, con certeza, unha representación do propio Otero Pedrayo.

- **Narrativa histórico-culturalista**

Nestas novelas destacan o historicismo e a evocación cultural. As tramas adoitan entrelazar feitos históricos con reflexións culturais, ofrecendo ao lector unha visión rica e matizada da evolución social e cultural de Galiza. Un exemplo significativo deste estilo é a novela *Devalar*.

Do punto de vista estilístico, a obra de Otero Pedrayo caracterízase polos seguintes trazos:

- Uso abundante da descrición; moi coidada e con abundante adxectivación.
- Emprego de recursos estilísticos (metáforas, símbolos, imaxes...).
- Presenza de referencias culturais (historia, filosofía, música...)
- Sintaxe complexa e requintada.
- Personaxes arquetípicos.

Sobre min

Nacín en Ourense e a miña procedencia burguesa permitiu que me puidese dedicar aos estudos. Ingresei nas Irmandades da Fala en 1918, fun deputado do Partido Galeguista e levei a área de xeografía no Seminario de Estudos Galegos. A nivel literario cultivei ensaio, novela e poesía.

Resumo:

- Aposta pola novela longa
- Descricións abundantes
- Abundantes recursos estilísticos
- Referencias culturais
- Sintaxe complexa e requintada

Otero Pedrayo

O GRAN NOVELISTA

Dona Rosiña vive e goberna no pazo da beiramar. Algúns pazos foran gastados, enteiriños, por don Xoán. Mais el sempre se reserva os mobles, e da montaña e da ribeira, dos pazos vendidos a disbarate, chegan retablos dourados de capelas, leitos taraceados, arcaces de fino labor, armas antigas, retratos de frades estáticos, de terribles señores, de donas de opulenta beleza como marmelos outonizos. No pazo de beiramar converxen todos os ríos da ascendencia de don Xoán, e don Xoán no medio dos preciosos mobles cre ser dono de todos os pazos herdados.

Ramón Otero Pedrayo. *Contos do camiño e da rúa*. 1932.

Adrián lía, novamente, ós poetas que de neno o fixeran chorar, non sabía por que. Despois, en Madrid, tivera vergonza dalquelas bagoas. Agora Solovio sabe moi ben a razón das bagoas e non ten que se avergonzar delas. De noite, á luz dunha candeia, acompañado pola música da chuvia nos vidros, Adrián percorría un a un os poemas dos "Queixumes". En Europa, en cuartos confortables, ó pé das rúas onde se fai a actualidade do mundo, Adrián lera os poetas novos. Non lle producían a impresión do pequeno libro esquecido na alcoba da casa vella, perdida na campía galega. Xurdía unha afirmación de raza e de lingua.

Ramón Otero Pedrayo, *Arredor de si*. 1930.

Indiferente, a aldea recollía os froitos do farto outono. Os grandes milleirás de rega amañeceron perolados de orballo, e o vento do serán contaba entre a forza verdecente das outas camas unha profecía de noite, brétema e friaxe. Facía tempo que privados do pendón e ben regados polo traballo dos bimbastros, concentraban na espiga os millores zumes do torrón amorosamente estercado, da auga vital decorrendo como unha cobra polo eido amolecido e do sol alquimista do setembro, sabio creador das puras esencias vexetales. Xa as follas murchas penduraban cun longo desespero soando bicadas polo ar do solpor cun marmullar decrebadiño; os millos levaban como nais chorosas o neno loiro da espiga gardado no mol fatelo do cosco. Polas quebradas abrigosas aquiles milleirás inda recolleron os derradeiros soles de setembro. Xa o millo das herdades fora levado nos carros priguizosos, cun longo salaiar polos camiños, entre a zunida dos avellós amigos das silveiras. Nos días devecidos e craros, a aldea fixaba seu amor apaixonado nos dous froitos gloriosos, labourentos e fartos, sona dos camiños emparreados e das encostas mansas das Campás Abaixo: o millo de rega e o viño pai, señor e patrón. Nos eidos descubertos a tódolos ventos, nos chaos ergueitos da parroquia, verdecían os outonizos nos cadabullos e nos sucos xa vellos do centeo, e sóilo estaba no ar agarimada pola forza petrucial da follateira, agardando pola maina madurez e polas chuvias desfiadas de Santos, a colleita montesía, rexa, cuáseque inverníza, dos castiñeiros.

Ramón Otero Pedrayo. *Os camiños da vida*. 1928



Vicente Risco

Vicente Risco escribe a meirande parte da súa obra en galego antes da Guerra Civil xa que despois se aproximará ao bando sublevado e abandonará o galeguismo.

A nivel estilístico opta por unha narrativa breve de carácter intelectual e moi vencellada ao seu pensamento filosófico e o seu labor de etnógrafo. Destaca a obra *Do que lle aconteceu ao doutor Alveiros* un relato humorístico e esotérico no que o protagonista libera a momia do faraón Tutamkhamon.

Outra característica que se deixa ver en varios relatos (*O lobo da xente, A velliña vella...*) é a súa intención didáctica. Risco emprega a narración breve para transmitir a súa mensaxe galeguista e neste tipo de textos adoita empregar recursos estilísticos como símbolos, metáforas...

Con todo, a obra culme da súa narrativa é *O porco de pé*, unha novela breve onde, a través do humor, Risco fai unha crítica á ignorancia e ao materialismo da burguesía ourensá da época. Cabe destacar, do punto de vista estilístico, o uso de personaxes arquetípicos e a descrición caricaturesca dos personaxes ademais do uso de figuras literarias que dotan a obra dunha gran calidade.

Alén da novela, Risco tamén traballa o ensaio. Amais da súa amplísima obra etnográfica e antropolóxica debemos destacar a súa *Teoría do nacionalismo galego* (1920), o principal referente da ideoloxía galeguista da época; *Mitteleuropa* (1934), unha análise sobre a situación da Alemaña dos anos 30; e *Nós, os inadaptados* (1933), onde explica a evolución ideolóxica do Cenáculo Ourenán.

Sobre min

Nacín en Ourense e pertenzo a unha familia burguesa. Son o gran teórico do nacionalismo galego e, seguramente, o gran pensador da miña xeración. Traballei a reo pola cultura e, xunto co resto de integrantes do Grupo Nós, adaptamos a narrativa galega ao que se facía no resto de Europa. Porén, coa guerra xa foi outro cantar...

Resumo:

- Intelectualismo
- Intención didáctica
- Relato breve
- Humorismo e crítica social
- Ensaio

Vicente Risco

O INTELLECTUAL

O escudeiro Pai Soares, que non fora na súa vida ao Santo Andrés de Teixido, ergueuse na súa cova e tomou camiño para ó Norte.

Camiñando, camiñando, surtiulle unha velliña vella, branca coma o luar, de loito vestida. Pai Soares fincou os xeonllos no chan beixoulle os pés.

-Pra onde vas, Pai Soares?

-Lonxe, cara ó Norte, ao Santo Andrés de Teixido.

-Non entrarás no ceo se aló non vas...

-Ides soliña e tristeira...

-Coroa podía eu levar na miña testa!.

-Se tiverades fillos que a recadasen!

-Logo é certo que o mundo principia unha nova vida?

-Andan a crebar as vellas madeiras.

-Tamén eu vou chamar ós meus fillos...

E a velliña colleu para a vila e chamou á porta dun seu fillo que era avogado.

-Veño a que defendas o meu dereito.

-Cal é, logo, o voso dereito?

-Houbo un tempo no que toda esta terra era miña, i os meus fillos tamén eran meus. Mais viñeron os meus veciños e fixéronse donos dos meus eidos, e máis asañáronse na miña honra. E trocaron de tal xeito ós meus fillos, que case non os coñezo, nin iles me coñecen a min. Tanto se imitan os estraños... E como ti es avogado, quero que defendas o meu dereito, pra que me fagan xustiza, e me volvan os meus fillos, e me volvan o meu casal.

Respondeu o avogado:

-Señora, eu non podo defender o voso dereito, que non está escrito en ningún código. Eu non defendo máis que os dereitos que estean amparados pola lei.

E a velliña vella marchou coa ialma amargurada pola ruada da orballeira frienta, e foi onda un seu fillo que era escritor.

-Onda ti veño pra que me defendas. Ti escribes nos papeis e os homes escóitanche. Fixéronme inxustiza e tiráronme o que era meu. O meu fillo avogado non me quere defender, porque o meu dereito non está nos códigos. Mais ti has falar por min, pra que a xente faga leis que me amporen.

Respondeu o escritor:

-Señora, a xente dáme tino porque lle falo do que ela quere. Quen ten que ver co voso dereito? Eu non vos podo defender, se non perderei o creto.

E a velliña vella marchou coa ialma amargurada pola rúa chuviñenta, petar a outra porta. E foi ver a un seu fillo que viñera das Américas con moito diñeiro.

-Aquí veño, onda ti, porque os que me podían defender, desbótanme; non queren pidir pra min xustiza, nin vingar as aldrexas que me fan. É que me ven probe. Mais ti darasme cartos i erguerei todos os meus fillos atrás de min.

Respondeu o americano:

-Señora, eu teño que atender cos meus cartos as obras que traio antre mans: eu fago escolas, asilos e hospitais que pasman á xente e pregoan o meu nome. Se eu vos dera tino, quen me iba chamar gran filántropo?

E a velliña vella fuxiu da vila e principiou a andar por unha corredeira enlamada. Ó pé do camiño atopou a un dos seus fillos, que era labrego, traballando nun eido.

A velliña vella faloulle:

-Eu tiña terras, e xa non as teño; tiña fillos e os fillos déixanme. Andiven a pedir xustiza, pecháronme todas as portas..

Vicente Risco

O INTELLECTUAL

O labrego escoitaba moi atento, botado pra diante, apoiado coas dúas mans no legón.

A velliña vella seguiu:

-Andiven na vila petando a todas as portas, de todas me botaron. Agora veño onda ti, que me has defender contra todos. Se ti queres, recobrarei as miñas terras, os meus fillos voltarán onda min, e tornarei a ser o que fun.

O labrego respondeu:

-Señora, o que a vostede lle pasa, levar, lévame lástima... Afellas que ma leva!... Mais neste mundo, cada un goberna a súa vida e procura do seu... Velai está: si viñera un goberno que quitara os foros, que quitara os caciques, que quitara os trabucos...

E revolveuse e seguiu sachando no eido. A velliña vella, magoada e tristeira foi andando, andando...

O escudeiro Pai Soares tornaba da súa romaxe, en procura da súa campa na igrexa da aldea. No medio da gándara esquiva, atopou á velliña vella, a carón dunha pedra das que chaman pedra dos xentís.

Estaba petando nela cun croio, para espetar ós que dormen debaixo o sono eterno...

Vicente Risco. *A velliña vella*. 1925.

Na postguerra, D. Celidonio ascendeu de porco a marrán e chegou a ser alcalde. A parenta inflou coma o fol da gaita. [...]

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semellan que botan unto derretido; ás nádegas e o bandullo vánselle un pouco para abaixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vran súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, tiña que ser con pau-ferro e picaraña, en lugar dunha sesada había atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, misturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento).

Vicente Risco. *O porco de pé*. 1928.



Alfonso Daniel R. Castelao

Castelao é a figura máis relevante da cultura galega do século XX. Diferénciase do resto de membros do grupo pola súa orixe social máis humilde e o seu maior compromiso coas clases populares (fronte ao culturalismo de Risco ou de Otero Pedrayo).

É un home polifacético: ademais de escritor (narrador, ensaísta e dramaturgo), destacou como pintor, debuxante, humorista gráfico e foi unha das figuras políticas máis importantes da historia de Galicia, aínda que estudara Medicina.

A súa obra gráfica (*Álbum Nós, Cousas da vida...*) e a súa obra literaria constitúen dúas caras da mesma moeda e debemos entendela coma un todo. A súa obra narrativa (*Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete, Cousas, Retrincos, Os dous de sempre...*) ten as seguintes características estilísticas:

- **Crítica social e solidariedade coas clases populares:**

Castelao é un autor que se posiciona no lugar nos máis débiles e busca unha complicidade con eles.

- **Humor:** a ironía e a retranca, esencia no noso humorismo, están moi presentes na súas obras.

- **Lirismo e realismo:** A grandeza da obra de Castelao está máis no que se interpreta que no que se di de forma expresa. Isto aproxímao ao xénero poético.

- **Brevidade e sinxeleza.**

- **Estratexias de verosimilitude.**

Alén da prosa literaria, Castelao tamén destacou no ensaio. A súa obra *Sempre en Galiza* (1944) é un pilar básico da ideoloxía nacionalista que aínda na actualidade segue a estar actualizado en numerosas cuestións.

O legado de Castelao reside na súa habilidade para conectar coa xente común, falando das súas esperanzas e sufrimentos con empatía e claridade. A súa obra continúa a inspirar movementos sociais e culturais.

Sobre min

Nacín en Rianxo e son un galego que procura a xustiza para a miña terra. Introducinme no ambiente das Irmandades de moi novo e cheguei a ser deputado nas Cortes en representación do Partido Galeguista. Nas miñas obras tento representar o pobo galego e a súa forma de vivir e, ademais, criticar o sistema que nos oprime e nos silencia.

Resumo:

- Gran debuxante
- Crítica social
- Solidariedade coas clases populares
- Humorismo
- Estilo poético
- Ensaio

Alfonso D. Castela


O POLIFACÉTICO



Aprende, Xam



-Eu son Xam, o que votou por vostede
-¡Ah!...; Si!; ¡Caramba! Si desea algo vuelva mañana.



-A túa filla xa será unha moza, eh?

Alfonso D. Castelao

O POLIFACÉTICO

Cando eu andaba no estudo era un mozo das romerías, bailador e divertido. Non había festa na vila, nin nos arredores, onde non aparecese danzando como un trompo esgarabilleiro. ¡Ai, aqueles valeses, aquelas mazurcas, aquelas polcas e aquelas habaneras! Entón o agarradiño aínda era un pecado venial, e bailábamos con tino, para que os vellos non refungasen. (...)

Había na vila unha rapaza do meu tempo, xeitosa de corpo, feitiña de cara, leda de xenio, traballadora de condición, pescantina de oficio e limpa de conducta; pero picante nos dicires. (...) A primeira vez que bailei foi con ela. (...) A rapaza comprometeuse a enseñarme, i eu pagáballe coa miña ledicia de estudante. (...) Pouco a pouco fun dependendo, e non tardei en bailar valeses e mazurcas con certa maestría. Dispois xa me fixen bailador e aproveitaba tódalas tocatas; pero afeito á miña compañeira non tiña gusto en bailar con outras. De remate os dous fixemos unha das mellores parellas. (...)

Marcheime da vila cangado cun tiduo universitario, e as preocupacións do meu vivir arredáronme das troulas. Perdín a mocidade, fíxeme home; o baile chegou a parecerme cousa de parvos, e fai moitos anos que nin tan siquera vexo bailar. Do tempo de estudante non gardei un recuncho para as lembranzas de romería, e Sabela esvaéuseme da memoria.

Cando se proclamou a República lanceime á política e saín diputado das Constituíntes. A miña vila quixo agasallarme e alá fun eu. (...) Cheguei á casa de meus pais, e na beira da porta vin a unha muller... Era gorda de ventre, de pernas e de brazos; a cara inflada e vermella; a boca sen dentes; a postura de regateira.

Miroume, fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas, e ó pasar a carón dela sioume con voz estremecida estas verbas: —¡Meu bailador!

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Retrincos (1934)

¿Ten Galiza un idioma propio?

Estamos fartos de saber que o povo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto e axeitado para ser vehículo d-unha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas.


O galego foi instrumento marabilloso da grande e única poesía lírica de Hispania e n-el escribían os enxeños peninsulares -tanto de dentro como de fora de Galiza-, cando a língoa de Castela non tiña categoría literaria. O galego é un idioma estenso e útil, porque -con pequenas variantes- fálase no Brasil, en Portugal e nas colonias portuguesas. O galego rexurdiu no século pasado con poetas tan esgrevios como Rosalía, Curros e Pondal. O noso idioma ten tal fremosura que un poeta andaluz como García Lorca -o poeta mártir- non foi quen de resistir o seu engado e compuxo poemas en galego. O galego -somentes refugado pol-os señoritos ou por traballadores que quixeran ser señoritos- é hoxe o idioma que prefiren os inteleituas como vehículo da nosa cultura; pero aínda que carecese de tantos méritos contraídos, abondaríalle ser a fala do povo traballador para estar dignificado de por si, pois o galego é unha executoria viva do traballo e unha cédula honrosa de cidadanía e democracia. Non esquezamos que si aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. *Sempre en Galiza*. 1944.

Alfonso D. Castelao

Comentario de texto:

Lea o seguinte fragmento de Castelao e elabore un comentario literario do texto en que se analice o contexto histórico e o estilo literario do autor. Sírvasse das características presentes no texto para exemplificar. Extensión aproximada: 200 palabras



O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.

Os "americanos" xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sinteu por el un grande amor e canto máis se achegaba o "americano", máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. ¡Ai!, o "americano" pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querelo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballe que aquel era o seu pai. O rapaz devecíase por bicalo a fartar. ¡Tiña un porte de tanto señorío! ¡Ai!, o "americano" pasou de largo e nin tan siquera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria, fíxose cargo de que un home estaba abrazando á súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi flaco, metido nun traxe moi floxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

Alfonso D. Rodríguez Castelao. *Cousas*. 1926.



Rafael Dieste

Rafael Dieste é o prosista máis destacado da xeración das vangardas e un membro relevante do xornalismo de preguerra, comprometido coa causa republicana. A súa produción narrativa redúcese a un só libro de relatos: *Dos arquivos do trasno* (1926). Esta obra componse de vinte contos independentes de temática variada onde se retrata a psicoloxía galega (sinxela, bondadosa, nostálgica, orgullosa...) e se presentan experiencias paranormais ou maravillosas.

Sobre min

Nacín en Rianxo e introducinme na literatura grazas a Manuel Antonio. Ambos os dous compartimos ese afán renovador e vangardista. Ademais, grazas a axuda de Vicente Risco, estiven ligado ao movemento nacionalista.

Resumo:

- Estilo vangardista
- Conto breve
- Ambientación labrega ou mariñeira
- Finais abruptos
- Técnica do realismo máxico
- Elementos do conto tradicional

A nivel estilístico, *Dos arquivos do trasno* ten as seguintes características:

- Brevidade
- Espazos labregos e mariñeiros
- Presenza de elementos fantásticos
- Lirismo
- Humorismo
- Taberna como lugar simbólico
- Finais abruptos

Aínda que o realismo máxico se atribúe á literatura hispanoamericana uns anos máis tarde, a obra de Dieste serve como un precedente moi bo deste estilo literario. O realismo máxico consiste na transmisión de historias fantásticas a través dunha óptica realista, facendo pasar por verdadeiras historias paranormais. Algunhas características estilísticas desta técnica literaria son:

- Uso do narrador en primeira persoa autoritario
- Historias cruzadas ou encadeadas
- Uso de datos minuciosos e probas documentais
- Cesión de voces narrativas

Outros elementos que emprega, como as **apelacións** a un receptor ou a presenza dunha **captatio benevolentiae** manteñen a esencia do conto tradicional galego e, por tanto, da técnica do conto contado.

Rafael Dieste

NARRADOR DE VANGARDA

Limiar

"A unidade emotiva conséguese no conto pola obsesión do que ten que sobrevivir.

O remate debe ter a virtude de facer simultáneas no espírito as imaxes que foron sucesivas.

A presenza do remate debe estar atafagada, pero latexando con forte resonancia en tódolos currunchos do relato.

O remate é unha imaxe que fai estoupar o conto nas palabras derradeiras, despois de inzalo poderosamente.

O conto é unha pelica na que se sente o pulso dunha imaxe contida. O conto é un remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas todas mergulladas na mesma luz."

Rafael Dieste. Dos arquivos do trasno (1926)

Sobre a morte do Bieito

Foi preto do camposanto cando eu sentín buligar dentro da caixa ao pobre Bieito. (Dos catro levadores do cadaleito eu era un). [...] Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto -compreendede, escoitade- polo tanto non podía, non debía dicir nada. Imaxínade nun intre que eu dixese: "O Bieito vai vivo". [...] Escorregaría por todos os beizos un marmular sobrecolleito, insólito: "¡O Bieito vai vivo, o Bieito vai vivo...!" [...] E eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de todos os asombros e de todas as gratitudes. [...] ¡Ah! ¿E se entón, ao ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultaba falsa? Todo aquel magno asombro virárase inconmensurable e macabro ridículo. [...] ¿Compreendedes? Por iso non dixen nada. [...] Houbo un intre en que case me decidín. Dirixinme ao da miña banda e, acobexando a pregunta nun sorriso de retrouso, deslicei: -¿E se o Bieito fose vivo? O outro riu picaramente coma quen di: "Que ocorrencias temos", e eu amplifiquéi adrede o meu falso sorriso de retrouso. Tamén me vin a rentes de dicilo no camposanto, cando xa pousáramos a caixa e o crego requeneaba. "Cando o crego remate", pensei. Mais o crego acabou e a caixa descendeu á cova sen que eu puidese dicir nada.

[...] Todo o día, meus amigos, andei tolo de remorsos. [...] E alá pola alta noite -non o puiden evitar- funme de camiño do camposanto, coa solapa subida, ao arrimo dos muros. Cheguei. [...] Deiteime no chan, apliquei a orella, e axiña o que oín xioume o sangue. No seo da terra unhas unllas desesperadas rabuñaban nas táboas. ¿Rabuñaban? Non sei, non sei. Alí preto había un sacho... ¡a xa cara a el cando fiqui suspenso. Polo camiño que pasa a rentes do camposanto sentíanse pasadas e rumor de fala. Viña xente. Entón si que sería absurda, tola, a miña presenza alí, daquelas horas e cun sacho na man. ¿¡a dicir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo? E fuxín coa solapa subida, pegándome aos muros. A lúa era chea e os cans latricaban lonxe.

Rafael Dieste. Dos arquivos do trasno (1926)